

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASEIS DE ABRIL DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a : MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. JOSÉ ALVELA EDREIRA D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Escusa asistencia	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezaseis de abril de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26/03/2009)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Á pregunta do pleno de febreiro de don Carlos Martínez do PP a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do asfaltado da pista de Cimadevila, que se está a falar co Sr. Pedreira para poder ampliar os camiños, incluso cedendo él algún terreo. Di que se vai facer un plan de bacheos e incluírase nel xunto con outros camiños



2.- En canto ó proxecto de acondicionamento dos núcleos de Nande, Tomonde e Ponte Ulla, di que se solicitaron en dúas fases e non se aprobou ningún a día de hoxe

3.- Sobre da instalación de carteis de sinalización turísticos, di que é un proxecto de 60.000 euros aprobado pola Xunta de Goberno e subvencionado integramente pola Consellería de Industria, cuxo obxectivo era unificar os carteis de toda Galicia tanto en formato como en cor,

4.- Á pregunta da limpeza do local social de Merín que non se está levando a cabo porque como acontece con outros está pechado e só se utiliza para actos esporádicos

5.- Sobre do local social de Trobe, que en principio como ocorre coas outras obras incluídas no FEIL, debe estar rematado antes do 31/12/09, podendo solicitar unha prórroga de 3 meses como máximo.

6.- Con respecto ás obras da estrada Vedra- Santa Lucía, di que tivo unha reunión co enxeñeiro-xefe e comunicoulle que nesa obras existe un desfase presupostario tremendo que pode superar o 30% do investimento.; que se é menor se adjudicará á mesma empresa de Ordes, CRD, e senón que se terá que saír de novo a concurso

7.- Sobre do saneamento de Paradela, di que está incluído no PCC 2008-2011 e que se comezará próximamente coa súa licitación, xunto coa ampliación do abastecemento en Ponte Ulla

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do Museo Modesto Paz Camps, di que o convenio se asinou no ano 99 e outro en setembro de 2008 ata o 2011. Que o horario de apertura do mesmo é o fin de semana ou con cita previa, se existe alguén interesado en visitalo, e en canto ó proxecto de dinamización do mesmo que está a traballar a concelleira co artista , pero que é difícil e que non se concretou nada ata o de agora.

2.-En canto á viaxe a Arxentina, contéstalle que efectivamente existe tamén os gastos de agasallos que se lle levaron ás dúas sociedades. Que os convenios se asinaron coa Sociedade Parroquial de Vedra e coa Sociedade Municipal de Vedra de cara á celebración do centenario do vindeiro ano. As visitas que se fixeron foron ás sociedades citadas, ó Centro Gallego e máis á Casa de Galicia. Que dos trece concelleiros 12 estaban informados da mesma e que a ela tamén se lle comunicou de palabra os días da viaxe

3.- Sobre da actualización do Rexistro Municipal de Asociacións, di que está ó día pero que é difícil pois algunhas asociacións comunican tarde os cambios de directiva e outros.

4.-Sobre do Regulamento da Casa da Terceira Idade di que hai un aprobado no ano 2005 e publicado

5.- En canto ós cerramentos na pista de Pedreira di que neste tema existen dous extremos a diferenciar. Por unha banda parte dos veciños cederon terro cando se empezaron as obras de ancheamento da pista, na etapa do Sr. Mogo como Alcalde, coa condición de deixar os cerramentos como estaban, e por outra existe unha licenza de obras para a construción dunha vivenda coa cesión de terreos ó concello ata as aliñacións sinaladas no PXOM

Malia o anterior di que estase á espera dun informe do arquitecto municipal para tratar de chegar a un consenso co veciño implicado



6.- Sobre da segregación do proxecto orixinal do campo da festa de San Miguel, di que como xa dixo en pleno anterior, foi dividido en tres para conquistar ó seu financiamento: 1 para presentar na Deputación, outro para incluír no FEIL e outro no plan de turismo de Portodemouros, e que foron aprobados en Xunta de Goberno e no pleno do mes de xaneiro o do FEIL

7.- Respecto da comunicación de Promociones Vengalicia, S.L, di que o informe técnico existe e que o pode consultar cando considere conveniente. Sinala ademais respecto deste tema, que na vindeira semana se incorpora da súa baixa por maternidade a apareladora municipal e que se fixará a reunión cos titulares das vivendas afectadas

3º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG pregunta:

1.- Cando a concesionaria de augas vai permitirlle ós veciños/as engancharse ás redes de abastecemento xa rematadas?

2.- Cando se vai colocar a pasarela prometida por Fomento no lugar de Sol, sobre da N-525? . Cando poderemos ver o proxecto?

3.- Xa en xaneiro de 2006 solicitei se fixese un estudo sobre da posibilidade de colocar badéns naquelas vías do concello nas que fora preciso limitar a velocidade real, dada a perigosidade real e non se respectar o límites, e de existir afluencia importante de peóns. Aínda que se me prometeu que dende o Departamento de Urbanismo se faría un estudo, nunca se fixo. Sen embargo nos últimos meses foron aparecendo badéns, moi rudimentarios, nalgúns pistas titularidade do concello: cal é o criterio para decidir en cales pistas se colocan e en cales non?. Colócanse por petición dos veciños e veciñas ou por decisión do goberno?. Por que non se estuda en serio esa posibilidade en pistas titularidade doutras administracións?


4.- ó fio do anterior, rogo unha vez máis que se estude a posibilidade de colocar badéns na estrada da Deputación que entra en Vedra, por diante da Casa do Sindicato e Farmacia, debido á evidencia de que non se respectan os límites establecidos, hai moito tráfico de camións, e moita afluencia de peóns por mor de establecementos comerciais, actividades do concello e veciñais (Casa do Sindicato e Casa da Irmandade), farmacia, etc.

5.- Rogamos se limpe a masa común que hai cerca do vello establecemento de Palmeiros, xa que os veciños se queixan da maleza (co conseguinte risco de incendios) e suciedade que hai alí

6.- Que posibilidades hai de arranxar a Casa da Irmandade de Sta. Cruz?. Consideramos que habería que evitar que se siga deteriorando e concretar a súa utilidade , ademais de limpar o entorno?

Di que con respecto a esta casa e outras cuxa titularidade non ten moi clara, di que saiu unha convocatoria de subvencións no DOG para arranxar patrimonio: cruceiros, muíños, etc.

7.- Di que na visita guiada organizada polo concello comprobou que en Mantelos hai un vertedeiro incontrolado, e solicita que se inicien os trámites para limpalo-



--O Sr. Alvela de TEGA, roga que en canto á masa común que hai a carón da Casa de Cultura de San Miguel que pasou a titularidade privada por sentenza, que o concello, co seu alcalde á cabeza, se mobilize e use todos os medios xudiciais para recuperar esa masa común, onde por certo, se fixeron obras con recursos públicos. Di que considera que non debe ser nada difícil alegando motivos máis que fundados recuperar este terreo, calificado no PXOM como de equipamento comunitario

A Presidencia expón que a sentenza é de fai un par de anos, e que no concello non se tiña constancia dado que o terreo non era municipal. Di que a pesares da sentenza a Consellería de Medio Rural, non está pola labor de entregarlle o terreo ó particular dado que argumenta que ten que devolverlle unha parcela cultivable e esta parcela ten cargas: unha pista polideportiva e obras que se fixeron nela e máis no PXOM figura como equipamento deportivo.

Di que se está no bo camiño para a recuperación da parcela.

--O Sr. Martínez Carrillo do Grupo Municipal do Partido Popular formula os seguintes rogos:

1º.- En relación ás obras que se están a realizar na estrada AC-240 (Arzúa - Ponte Ulla), ó seu paso pola zona urbana de Ponte Ulla, queremos denunciar e á súa vez transmitirille ó grupo de goberno co seu alcalde á cabeza, o malestar de varios dos veciños directamente afectados por ditas obras (dado que pasa por diante das súas casas), pois esta semana apareceron as máquinas e os operarios da empresa concesionaria para, en principio, asfaltar todo. Como vostede sabe, ditos veciños plantexaron fai uns canto meses unha serie de reclamacións tanto no Concello (para a súa reclamación á Xunta) como á mesma Xunta, en canto rebaixes, canalizacións de pluviais, afeccións, realización de beirarrúas, etc, descoñecendo na actualidade total e absolutamente que pasou coas súas reclamacións, e o peor de todo descoñecendo os veciños afectados cal é o proxecto ó cal se deben axustar as obras (e non porque os veciños non o quixeran consultar, senón porque ó parecer non existe, e serva de exemplo que unha das persoas afectadas recorreu esta semana os departamentos correspondentes tanto no concello, como na delegación da Xunta, como na mesma Xunta, e ninguén tiña o proxecto, e o máximo que conseguiu e que lle informaran que o estaban redactando). Polo tanto, solicitamos que o alcalde se poña a fronte dos veciños afectados e faga xa as xestións necesarias para que de forma inmediata se paralicen as actuacións das máquinas mentres non se lle spresente o proxecto ós veciños e vexan solucionadas nel as súas reclamacións; e iso con independencia de que a concesionaria si tape provisionalmente os baches e a rugosidade da estrada

Queremos que se fagan as obras pronto, pero que se fagan ben

2º.- Xa que lle levaron dous tractores de terra ó colexio de Vedra, rogámoslle se acorde de levarlle outro tractor de terra á gardería que lle prometeron xa fai dous anos

4º.- Preguntas e rogos veciñais

Non se presentan



Conclúe ó fio das vinte e unha horas e trinta minutos